

Resolución do 25 de abril de 2023 da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección de proxectos para a contratación, en réxime de coprodución, dun espectáculo de danza en calquera das súas modalidades, no ano 2023 para compañías ou profesionais emerxentes.

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), en cumprimento da súa lei de creación e o seu Estatuto, ten como obxectivo xenérico o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos eficientes e estables.

Para o cumprimento dos seus fins a Axencia Galega das Industrias Culturais ten entre as súas funcións o impulso da creación artística e do talento, do desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais, promovendo a súa distribución e comercialización dentro e fora do noso país. Por este motivo, aprobou o Plan Integral para a Danza de Galicia, un documento colaborativo feito co sector profesional da danza e artes do movemento, no que se recollen as liñas de traballo que se desenvolverán nos vindeiros anos. Unha das liñas estratéxicas recollidas no Plan é o fortalecemento da creación e produción de danza e artes do movemento, implementando medidas para impulsar as coproducións do Centro Coreográfico Galego, fomentando a presenza de diversas disciplinas e potenciando a creación emerxente no sector en Galicia.

O Departamento de Música e Danza, ao que está adscrito o Centro Coreográfico Galego (CCG), ten como obxectivo o apoio á creación artística, á investigación e á formación dos profesionais da danza, a descentralización de accións, así como tender pontes entre proxectos e institucións para propiciar o encontro da danza con outras disciplinas artísticas.

Con este procedemento preténdese impulsar estes obxectivos, mediante a convocatoria a todo o sector, para que aquelas compañías emerxentes presenten proxectos innovadores no eido de danza artística, co compromiso de formalizar, coa entidade seleccionada pola comisión técnica profesional que para o efecto se constituirá, o correspondente contrato de coprodución do proxecto seleccionado.

Polo exposto, e de acordo coas facultades que teño atribuídas en virtude do Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar as bases reguladoras do procedemento de selección dun proxecto para a contratación en réxime de coprodución, pola Axencia Galega das Industrias Culturais, dun espectáculo de danza, en calquera das súas modalidades, no ano 2023 para compañías ou profesionais emerxentes.

Segundo. Ordear a publicación na web da Axencia Galega das Industrias Culturais desta resolución e dos anexos que a acompañan.

Terceiro. Esta resolución terá efectos dende o día seguinte ao da súa publicación na web da Axencia Galega das Industrias Culturais.

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
T. 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / www.agadic.gal



Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o director da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da súa publicación na web da Axencia Galega das Industrias Culturais, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tamén se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado contencioso-administrativo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da publicación na web da Axencia Galega das Industrias Culturais, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais

Jacobo Sutil Nesta



ANEXO I

BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PROXECTOS PARA A CONTRATACIÓN POLA AGADIC, EN RÉXIME DE COPRODUCCIÓN, DUN ESPECTÁCULO DE DANZA PARA COMPAÑÍAS OU PROFESIONAIS EMERXENTES NO ANO 2023.

1. Necesidade de contratación e obxecto.-

A Axencia Galega das Industrias Culturais, a través do Departamento de Música e Danza, vai poñer en marcha un programa de coprodución de un espectáculo de danza co que se pretende favorecer a produción de danza en todas as súas modalidades creada por compañías ou profesionais emerxentes, impulsar a creación de espectadores para a danza, consolidar produtos culturais competitivos que xeren retorno e, en definitiva, a busca da excelencia nos produtos culturais galegos.

Para a consecución deste obxectivo seleccionará, en réxime de coprodución, un espectáculo de danza, así como a súa estrea e exhibición.

2. Condicións para participar no proceso de selección.-

Poderán presentar os seus proxectos as persoas, físicas ou xurídicas, así como as sociedades civís e comunidades de bens ou calquera outra agrupación de persoas sen personalidade xurídica propia, así como as unións temporais de empresas, dedicadas profesionalmente á produción escénica, que desenvolvan maioritariamente a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia e que teñan a condición de emerxentes. Quedan exceptuadas as asociacións e restantes entidades sen fins de lucro.

Para os efectos desta convocatoria enténdese por empresa ou profesional emerxente, aquela na que non transcorresen máis de cinco anos desde a data de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores -Declaración censal de alta, modificación e baixa e declaración censal simplificada.

Non se poderán presentar a esta convocatoria aquelas compañías ou profesionais que foran adxudicatarias dunha coprodución do Centro Coreográfico Galego dende o ano 2018 ao 2022.

A participación neste proceso é compatible con outras axudas para o mesmo proxecto do resto da Administración da Xunta de Galicia e organismos dependentes, así como doutras administracións públicas e entidades públicas ou privadas, pero incompatible con outras convocadas pola Axencia Galega das Industrias Culturais ou a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para o mesmo proxecto, coa mesma finalidade.

Só se poderá presentar un proxecto por persoa física ou xurídica.

3. Prazo de presentación de proxectos e emenda.-

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
T. 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / www.agadic.gal



O prazo de presentación dos proxectos será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio na páxina web de Axencia Galega das Industrias Culturais: www.agadic.gal.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado xenérico PRO04A "Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado", dispoñible na ligazón: <https://sede.xunta.gal>

Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Se a solicitude non está debidamente cuberta, non se achega a documentación esixida ou non se reúnen os requisitos esixidos nesta convocatoria, requirirase a persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da notificación do requirimento, emende o defecto advertido ou achegue a documentación preceptiva, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos. De non cumprir o requirimento dentro do prazo concedido, considerarase que desiste da petición.

4. Documentación a presentar do proxecto.-

O proxecto que se vai presentar deberá ser orixinal e que non fose producido con anterioridade. Deberá estar conformado pola seguinte documentación:

- a. **Solicitude de participación no procedemento.** Deberá presentarse o modelo de solicitude xenérica PRO04A debidamente cuberta e asinada. Pode descargarse na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal>
- b. **Memoria explicativa do proxecto que conteña os seguintes apartados:**
 - Memoria de dirección
 - Ficha de produción, con indicación dos seguintes datos: título do proxecto, compañía, autoría/coreografía, dirección, equipo artístico, tempo de produción (expresado en meses) e data prevista para a estrea.
 - Interese cultural e artístico e relevancia do proxecto.
 - Apoio doutras Institucións públicas ou privadas na coprodución e financiamento, mediante cartas de compromiso debidamente acreditadas, onde conste o importe a cofinanciar ou os compromisos asumidos na coprodución.

c. Orzamento do proxecto, con indicación dos seguintes datos (Anexo II):

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
T. 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / www.agadic.gal



- Gastos de persoal (dirección, interpretes, outro persoal...)
- Gastos de produción (escenografía, vestiario, iluminación, espazo sonoro...)
- Gastos en promoción e publicidade (materiais de difusión).
- Porcentaxe do orzamento que solicita con indicación do orzamento total do proxecto con IVE desagregado, indicando o tipo impositivo aplicado. A contía total (IVE excluído) debe ser inferior a 15.000 euros.

d. Historial do equipo artístico (interpretes e dirección/coreografía) con indicación dos seguintes datos (Anexo III e Anexo IV):

- Titulacións oficiais.
- Cursos de formación relacionados coas artes escénicas, impartidos por Institucións públicas ou entidades privadas debidamente homologadas, cunha duración igual ou superior a 15 horas

e. Repercusión na creación e fomento de públicos

Accións encamiñadas a fomentar a asistencia de público ao espectáculo coproducido, tales como ensaios abertos a persoas relacionadas coas artes escénicas e público en xeral, encontros formativos, talleres e charlas co alumnado das escolas de danza e conservatorios e demais propostas e iniciativas para xerar novos públicos e aumentar a difusión da danza e das artes do movemento.

f. Presenza e difusión da coprodución en distintas Redes Sociais.

Indicar as redes sociais nas que a entidade solicitante ten presenza

g. Número de espectáculos nos que participou profesionalmente a persoa solicitante nos últimos 3 anos como coreógrafo ou intérprete.

Declaración responsable onde consten os espectáculos nos que a entidade solicitante participou como coreógrafa ou intérprete nos últimos tres anos

h. Antigüidade da entidade solicitante

Copia do Modelos 036 ou 037 que corresponda. Censo de empresarios, profesionais e re-tedores -Declaración censal de alta, modificación e baixa e declaración censal simplificada.

Copia da alta no Imposto de Actividades Económicas

5. Comprobación de datos.



Para a tramitación deste procedemento, consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da administración actuante ou elaborados polas administracións públicas

- DNI ou NIE da persoa solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- NIF da entidade solicitante
- Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas coa comunidade autónoma.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo de forma expresa na solicitude e deberán achegar esa documentación.

6. Comisión de valoración.-

Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración, nomeada polo director da Axencia Galega das Industrias Culturais, presidida pola Coordinadora do Departamento de Música e Danza, como responsable da dirección do Centro Coreográfico Galego e integrada por unha persoa do cadro de persoal da Axencia, que exercerá as funcións de secretaria da comisión, con voz e sen voto, e por dous profesionais do ámbito das artes escénicas galegas.

A condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso e declararán baixo responsabilidade que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Comisión puntuará cada un dos criterios e para cada unha das solicitudes, de forma motivada, e realizará un informe en que constará a puntuación acadada por cada solicitude, establecendo unha orde de prelación decrecente.

Previamente á súa cualificación, a comisión concretará cada un dos criterios subxectivos para aplicalos de forma homoxénea e a dita concreción será incorporada na acta levantada polo secretario/o. Unha vez examinados os proxectos, a Comisión emitirá informe motivado das puntuacións de cada unha das solicitudes.

7. Criterios de avaliación:

A puntuación total é de 60 puntos, repartidos segundo consta na táboa que segue:

a) Criterios automáticos.

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
T. 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / www.agadic.gal



Criterios automáticos	30 puntos
1. Traxectoria profesional do equipo artístico	10
Dirección ou coreografía	2
Por cada titulación oficial en artes escénicas	0,5 puntos ata un máximo de 1 punto
Por cada curso de formación relacionado coas artes escénicas, impartidos por Institucións públicas ou entidades privadas debidamente homologadas, cunha duración igual ou superior a 15 horas	0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto
Intérpretes	3
Por cada titulación oficial en artes escénicas	0,5 puntos ata un máximo de 2 puntos
Por cada curso de formación relacionado coas artes escénicas, impartidos por Institucións públicas ou entidades privadas debidamente homologadas, cunha duración igual ou superior a 15 horas	0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto
Número de espectáculos nos que participou profesionalmente a persoa solicitante nos últimos 3 anos como coreógrafa ou intérprete.	5
Máis de 4	5
De 2 a 3	3
1 espectáculo	2
2. Orzamento do contrato	10
Inferior ao 30 % sobre o custe total da coprodución, sen IVE	10
Do 31 ao 50 % sobre o custe total da coprodución, sen IVE	6
Entre o 51 e o 80% sobre o custe total da coprodución, sen IVE	4
3. Accións de mediación que fomenten a participación de públicos ou a visibilización do espectáculo coproducido.	5
Por cada acción de mediación	1
4. Presenza e difusión da coprodución en distintas Redes Sociais.	5
Por cada rede social	1

Se unha mesma persoa figura como director/a de un proxecto solicitante e ademais intervéen como intérprete no mesmo sumaranse as puntuacións outorgadas.

Considéranse intérpretes ás persoas do equipo artístico do proxecto solicitante que interveñen de forma presencial no escenario: bailaríns, músicos ou calquera que participe no desenvolvemento do espectáculo, debendo cubrirse o Anexo IV para cada unha desas persoas.

Non se terán en conta para a súa valoración os méritos que non estean debidamente acreditados.

As declaracións responsables considéranse acreditacións documentais válidas.

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
T. 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / www.agadic.gal



b). Criterios automáticos para as compañías ou profesionais de danza tradicional, danza urbana ou aquelas manifestacións dancísticas sen titulación regrada.

Criterios automáticos	30 puntos
1. Traxectoria profesional do equipo artístico	10
Dirección ou coreografía	2
Por cada curso de formación relacionado coas artes escénicas, impartidos por Institucións públicas ou entidades privadas debidamente homologadas, cunha duración igual ou superior a 15 horas	0,1 puntos, ata un máximo de 2 punto
Intérpretes	3
Por cada curso de formación relacionado coas artes escénicas, impartidos por Institucións públicas ou entidades privadas debidamente homologadas, cunha duración igual ou superior a 15 horas	0,1 puntos, ata un máximo de 3 punto
Número de espectáculos nos que participou profesionalmente a persoa solicitante nos últimos 3 anos como coreógrafa ou intérprete.	5
Máis de 4	5
De 2 a 3	3
1 espectáculo	2
2. Orzamento do contrato	10
Inferior ao 30 % sobre o custe total da coprodución, sen IVE	10
Do 31 ao 50 % sobre o custe total da coprodución, sen IVE	6
Entre o 51 e o 80% sobre o custe total da coprodución, sen IVE	4
3. Accións de mediación que fomenten a participación de públicos ou a visibilización do espectáculo coproducido.	5
Por cada acción de mediación	1
4. Presenza e difusión da coprodución en distintas Redes Sociais.	5
Por cada rede social	1

Cando a dirección/coreografía do espectáculo sexa compartida, terase en conta a puntuación do director-a/coreógrafo-a ou directora con máis puntuación global, debendo cubrir o Anexo III para cada unha desas persoas.

Se a mesma persoa ostenta a dirección e a coreografía nun proxecto só puntúa unha vez.

Se unha mesma persoa figura como director/a de un proxecto solicitante e ademais intervéñen como intérprete no mesmo sumaranse as puntuacións outorgadas.



Considéranse intérpretes ás persoas do equipo artístico do proxecto solicitante que interveñen de forma presencial no escenario: bailaríns, músicos ou calquera que participe no desenvolvemento do espectáculo, debendo cubrirse o Anexo IV para cada unha desas persoas.

Non se terán en conta para a súa valoración os méritos que non estean debidamente acreditados.

As declaracións responsables considéranse acreditacións documentais válidas.

c) Criterios técnicos para ambas as dúas categorías

Criterios técnicos	30 puntos
1. Memoria de dirección do proxecto	19
2. Interese cultural e artístico e relevancia do proxecto	8
3. Apoio doutras institucións públicas ou privadas na coprodución e financiamento, mediante cartas de compromiso debidamente acreditadas onde conste o importe a cofinanciar ou os compromisos asumidos na coprodución	3

8. Contratos de coprodución dos proxectos seleccionados.-

Seleccionaranse o proxecto que maior puntuación acade segundo os criterios de valoración e Axencia Galega das Industrias Culturais asinará un contrato de coprodución co beneficiario.

A achega económica da Axencia Galega das Industrias Culturais deberá ser inferior aos 15.000 euros (IVE excluído). En ningún caso esta cantidade será superior ao 80 % do orzamento total do proxecto presentado, impostos excluídos.

Condições xerais das coproducións:

Poderá poñerse á disposición da coprodución adxudicataria os recursos técnicos e o persoal do Centro Coreográfico Galego nos ensaios e na estrea e nas dúas representacións incluídas nestas bases, en función das dispoñibilidades e as características do espectáculo que resulte adxudicatario da coprodución.

Neste sentido, a Axencia Galega das Industrias Culturais poderá ceder o uso da aula do Centro Coreográfico Galego ás entidades adxudicatarias nos termos que se determinen.

9. Réxime económico de cada contrato e prazo de execución.-

A achega máxima individualizada de cada proxecto que financiará a Axencia Galega das Industrias Culturais deberá ser inferior aos 15.000 euros (IVE excluído), cantidade á que se engadirá o IVE que corresponda á entidade adxudicataria.

O prazo de execución estimado é de 12 meses dende a súa sinatura, en ningún caso prorrogable.



10. Obrigas xenéricas dos adxudicatarios.-

Sen prexuízo da concreción das obrigas que se estipulen no correspondente contrato, as principais obrigas do adxudicatario serán:

- Estar en posesión dos dereitos de autor do espectáculo presentado para a súa posta en escena.
- Acreditar a estrea do espectáculo así como a realización dun mínimo de dúas representacións, a maiores da estrea, durante a duración do contrato. Non se terán en conta as actuacións contratadas nas redes xestionadas pola Axencia Galega das Industrias Culturais.
- Facer mención expresa da coprodución tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, así como a utilizar a imaxe corporativa da Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.
- A empresa beneficiaria asumirá toda relación laboral e/ou mercantil coas persoas que formen parte da coprodución. En ningún caso, o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e o contratista. Queda obrigada, así mesmo, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento.

11. Información básica en materia de protección de datos de carácter persoal.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia_Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario.

Os datos comunicaránelles ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de lle dar a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.



As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.



**ANEXO II
ORZAMENTO DO PROXECTO**
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/ RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

I. ORZAMENTO DE PRODUCCIÓN
A. ESTIMACIÓN DOS GASTOS
1. GASTOS DE PERSOAL

Dirección	
Bailaríns/bailarinas, músicos	
Outro persoal	
Cotizacións sociais	
TOTAL 1	

2. GASTOS DE PRODUCCIÓN	BASE IMPOÑIBLE	IVE aplicado:	TOTAL
Escenografía			
Iluminación			
Vestuario			
Espazo sonoro			
Alugamento de locais			
Outros gastos (especificar)			
TOTAL 2			

3. PROMOCIÓN E PUBLICIDADE	BASE IMPOÑIBLE	IVE aplicado:	TOTAL
Deseño e edición de soportes gráficos e audiovisuais			
Outros gastos de promoción e publicidade			
TOTAL 3			

4. DEREITOS DE AUTOR
5. AXUDAS DE CUSTO E OUTRAS INDEMNIZACIÓNS
6. GASTOS FINANCEIROS

OUTROS GASTOS SUXEITOS AO IVE	BASE IMPOÑIBLE	IVE aplicado:	TOTAL
7.GASTOS XERAIS DE MANTEN- TO E XESTIÓN			
8. ALUGUEIROS DE LOCAIS DE EN- SAIO			

TOTAL GASTOS EXENTOS DO IVE


TOTAL GASTOS SUXEITOS AO IVE			
TOTAL (GASTOS 1 a 8)			
ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO			
PORCENTAXE DO ORZAMENTO SOLICITADO			
CONTÍA SOLICITADA			



DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS DIRECCIÓN OU COREOGRAFÍA

DATA	NOME DO CURSO	DURACIÓN	INSTITUCIÓN
------	---------------	----------	-------------

SINATURA DA PESSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

14



Lugar e data					
	,		de		de



DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS DO/A INTÉRPRETE

DATA	NOME DO CURSO	DURACIÓN	INSTITUCIÓN
------	---------------	----------	-------------

SINATURA DA PESSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

	,	de		de	
--	---	----	--	----	--

